



PLAN DE ACTUACIÓN 2017

CIF: G-70123971

NÚMERO DE REGISTRO: 20/7/18

EXERCICIO: 2017

DATOS DA ENTIDADE

DOMICILIO: RÚA LOPE GÓMEZ DE MARZOA S/N

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

CÓDIGO POSTAL: 15705

PROVINCIA: CORUÑA

CORREO ELECTRÓNICO: info.hermida@fundacionuscdeportiva.org

TELÉFONO: 81.975.399

PERSOA DE CONTACTO: Carlos Hermida Otero

PLAN DE ACTUACIÓN 2017

1. DATOS IDENTIFICATIVOS.....	3
2. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO.....	3
3. OBXECTIVOS XERAIS.....	6
4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	7
5. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN.....	8
PROGRAMACIÓN, ORGANIZACIÓN, DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E DEPORTE FEDERADO DA USC.	8
DINAMIZACIÓN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DEPORTIVAS DE ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS.....	11
PROGRAMA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR-LABORAL DE ACTIVIDADE FÍSICO- DEPORTIVA	15
PROGRAMA DE CURSOS DE FORMACIÓN, EVENTOS E PROXECTOS.....	17
6. PREVISIÓN DE RR. ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE ..	20
7. PREVISIÓN DE RR. ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE	21
8. MEMORIA EXPLICATIVA DO CUMPRIMENTO DO OBXECTO FUNDACIONAL MEDIANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN DE DE ACTUACIÓN.....	22

PLAN DE ACTUACIÓN DA FUNDACIÓN USC DEPORTIVA 2017

Proposta para o Pleno do Padroado do 23 de decembro de 2016

Conforme o artigo 39 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (*Plan de actuación*):

- 1. O Padroado elaborará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e mais unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.*
- 2. Este plan de actuación deberáselle presentar ao protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do padroado da fundación, que as depositará no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

1. DATOS IDENTIFICATIVOS

Nome: Fundación USC Deportiva

CIF: G-70123971

Nº de rexistro: 2007/18

Enderezo postal: Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Edificio Feuga, despachos 2 e 3, 15705 Santiago de Compostela

Enderezo correo electrónico: oscar.hermida@fundacionuscdeportiva.org

Páxina web: www.fundacionuscdeportiva.org

2. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO.

A Fundación USC Deportiva constitúese o 9 de novembro de 2007 como unha organización de natureza fundacional acorde coa Lei de Fundacións de Interese Galego, sen ánimo de lucro e cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Atópase inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con número 2007/18. Mediante Orde de 7 de decembro de 2007 calificase como de interese deportivo.

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, por conseguinte, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para o que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

A Fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida.

A Fundación rexerese pola vontade dos seus Fundadores, manifestada nos seus Estatutos, polos acordos que, en interpretación e

desenvolvemento daquela vontade, establece o Padroado, así como en todo caso pola lexislación aplicable.

A **Fundación USC Deportiva** ten por finalidade principal a promoción, incentivo e desenvolvemento da actividades físico-deportiva universitaria, preferentemente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación poderá levar a cabo, entre outras cousas, as seguintes actividades:

- a) Organización, preparación e apoio de eventos relacionados coa actividade físico-deportiva a celebrar na Comunidade Autónoma Galega.
- b) Realización de actividades encamiñadas a involucrar aos medios de comunicación no proceso de divulgación, promoción e fomento da práctica deportiva.
- c) Celebración de cursos, seminarios, conferencias, etc. para a formación de universitarios, técnicos e deportistas, así como a elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, material audiovisual e material multimedia ou actividades semellantes relacionadas cos fins da Fundación.
- d) Uso, xestión e/ou explotación de instalacións deportivas e equipamentos de titularidade propia ou allea.
- e) Colaboración coas administracións públicas e con institucións e empresas públicas e privadas para o fomento de deporte universitario.
- f) A xestión do deporte federado da USC.
- g) A organización e realización de representacións culturais, musicais, cinematográficas, teatrais, coreográficas, circenses ou actividades semellantes, que contribúan aos fins da Fundación.
- h) Xestión, prestación, organización e realización de actividades e servizos relacionados co ocio e tempo libre de tipo deportivo, cultural e social.

- i) Exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal.
- j) Calquera outra actuación que, directa ou indirectamente, contribúa á mellora da actividade física e do deporte na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os beneficiarios dos fins fundacionais, e de todas e cada unha das actividades da Fundación, será a sociedade galega.

Desde a súa constitución a Fundación estivo centrada na colaboración que ten coa Universidade de Santiago de Compostela pola cal a entidade en colaboración, programa, organiza, dinamiza e xestiona as actividades físico-deportivas e o deporte federado que esta Universidade publica cada curso escolar.

Ao ano seguinte a súa constitución a Fundación de maneira testemuñal comezou a colaborar con outras entidades que ofrecían actividades deportivas.

Dende fai cinco anos a Fundación ten o encargo do seu Padroado de ter máis presenza en outros sectores da Comunidade Autónoma e non só no entorno Universitario.

Debido á difícil situación económica actual a entidade tivo que facer un esforzo económico e de xestión en optimizar os recursos dos que dispón para contribuír a unha maior eficiencia.

O Padroado decidiu a busca de recursos externos á propia entidade para poder seguir realizando as súas actividades fundacionais.

Todas as actuacións que promove a Fundación son para fomentar e potenciar a práctica da actividade física. Unha práctica saudable e como medio integrador das relacións humanas, dunha educación integral dos nenos e nenas. Así coma unha maior calidade de vida nos

adultos a través da actividade física saudable e a formación para o exercicio físico.

Para o ano 2017 a Fundación continuará cos programas e actividades do ano anterior e seguirá a potenciar o programa formativo, posto que considera que ten marxe de mellora así coma novos proxectos que poidan xurdir relacionados coa actividade física.

Por último, hai que destacar que en todas as actuacións que leve a cabo a Fundación no desenvolvemento do plan de Actuación intégrase o principio de igualdade de xeito transversal. De esta forma, potenciarase a inclusión da perspectiva de xénero impulsando a participación e a práctica deportiva en xeral.

3. OBXECTIVOS XERAIS

Con este Plan de Actuación a Fundación para o ano 2017 pretenderá consolidar a actividade que se presenta no mesmo e na procura de novas áreas de traballo. Para elo, ten uns obxectivos xerais que aquí presentamos.

- ✓ Conseguir que a entidade sexa referencia no sector da actividade física e do deporte en Santiago de Compostela.
- ✓ Introducir a Fundación de maneira paulatina no Campus de Lugo.
- ✓ Dotar a entidade dos recursos económicos necesarios para ofertar os programas que neste plan se presentan.
- ✓ Definir un plan estratéxico para a captación de recursos económicos no tecido socioeconómico galego.
- ✓ Potenciar a área de comunicación da Fundación. Dar a coñecer á sociedade o traballo que se desenvolve na entidade.

- ✓ Buscar proxectos innovadores e con carácter europeo.
- ✓ Realizar algunha actividade de carácter solidario ao longo do ano ben sexa de maneira individual ou colaborando con outras entidades.
- ✓ Acoller alumnado en prácticas de diferentes titulacións.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- ✓ Incrementar a calidade no servizo prestado.
- ✓ Potenciar o programa de formación do persoal, tanto interno como externo.
- ✓ Fortalecer a área formativa coa oferta de cursos.
- ✓ Aumentar o número de programas anuais.
- ✓ Mellorar os procesos de traballo interno.
- ✓ Dotar ao alumnado en prácticas de TSAFyD ou Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou outras relacionados co entorno deportivo da información precisa.
- ✓ Realizar un evento anual diferenciador da actividade ordinaria da entidade.
- ✓ Colaborar con diferentes Administracións en diferentes programas.

5. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

PROGRAMACIÓN, ORGANIZACIÓN, DINAMIZACIÓN E XESTIÓN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E DEPORTE FEDERADO DA USC.

A) Identificación

Denominación da actividade	Programación, organización, dinamización e xestión das escolas deportivas e deporte federado da USC
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G01: DEPORTIVO E POBOACIÓN EN XERAL
Lugar de desenvolvemento da actividade	- Santiago de Compostela - Lugo

Descrición detallada da actividade prevista

A Fundación USC Deportiva colaborará a través dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela na programación, organización, dinamización e xestión das escolas deportivas publicadas por esta.

a. Campus de Santiago de Compostela

- Actividades acuáticas:** aquagym, natación para maiores, natación para nenos e nenas (iniciación e perfeccionamento), natación para adultos (iniciación e perfeccionamento), natación para embarazadas, natación terapéutica e natación para persoas con necesidades especiais.
- Actividades aeróbicas e de acondicionamento físico:** aeróbic + step, GAP + tonificación, zumba, mellora da condición física e ximnasia de mantemento.

- **Aprendizaxe deportiva:** adestramentos de balonmán, de voleibol, de fútbol sala feminino, atletismo, defensa persoal, esgrima, tenis, karate e taekwondo.
 - **Benestar e lecer:** baile deportivo (tropical, latino e estándar), baile en liña e country, ioga, kung fu, mindfulness, pilates mat, tai chi e ximnasia terapéutica.
 - **Sendeirismo e actividades na natureza:** rutas de sendeirismo de 10 a 25 km e roteiros.
 - **Deporte federado e de competición:** atletismo, tenis, natación, karate, taekwondo, fútbol, montañaismo.
 - **Outros:** sala de acondicionamento físico.
- b. Campus de Lugo
- **Aprendizaxe deportiva:** adestramentos de fútbol sala feminino, adestramento de voleibol e running.
 - **Benestar e lecer:** pilates mat, ximnasia terapéutica e ioga.
 - **Actividades aeróbicas e de acondicionamento físico:** GAP, mantemento + step + aeróbic, ximnasia de mantemento e zumba.

En total son 53 actividades diferentes que os técnicos-deportivos da Fundación USC Deportiva imparten e dinamizan no Servizo de Deportes da USC. Estas actividades están abertas á incorporación doutras ben sexa pola demanda do Servizo de Deportes ou ben pola demanda dos propios usuarios.

A Fundación USC Deportiva durante o ano 2017 colaborará coa USC na planificación, organización, dinamización e xestión das seccións deportivas do Club USC.

Estas seccións deportivas son as seguintes, coa posibilidade de que se poida incorporar algunha nova sección debido á demanda dos usuarios ou do Servizo de Deportes da USC: atletismo, fútbol, karate, natación, taekwondo, tenis e montaña.

B) Recursos humanos empregados na actividade

TIPO	NÚMERO		Nº HORAS / ANO	
	Previsto		Previsto	
Persoal asalariado	16,01		27.378,00	
Persoal con contrato de servizos	0,95		1.619,00	
Persoal voluntario	0		0	

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

TIPO	NÚMERO
	Previsto
Persoas físicas	5.500
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	3

D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade

OBXECTIVO	INDICADOR	CUANTIFICACIÓN
Mellorar o control de asistencia nas actividades	Implantación dun sistema de control online	No 80% das actividades a finais do 2017
Manter ou aumentar as actividades prestadas	Número de actividades non inferior á cuantificación	50
Aumentar a práctica deportiva na usc	Número de usuarios totais	5.500
Aumentar a práctica deportiva feminina	Aumento do número de mulleres	5%
Aumentar a práctica no campus de lugo	Número de usuarios totais	310

**DINAMIZACIÓN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E ACTIVIDADES
EXTRAESCOLARES DEPORTIVAS DE ENTIDADES PÚBLICAS E
PRIVADAS**

A) Identificación

Denominación da actividade	Dinamización de actividades deportivas e extraescolares deportivas en entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G01: DEPORTIVO E POBOACIÓN EN XERAL
Lugar de desenvolvemento da actividade	<ul style="list-style-type: none"> - Santiago de Compostela - Teo - O Pino

Descrición detallada da actividade prevista

A Fundación USC Deportiva prosigue para o ano 2017 con tres liñas básicas de colaboración e de actuación en canto ás actividades deportivas.

- Administracións públicas (locais, rexionais e autonómicas)
- Centros educativos (colexios, anpas, etc.)
- Entidades privadas e públicas sen ánimo de lucro (asociacións, clubs, fundacións, etc.)

Actividades deportivas en Concellos

Concello de Teo

A Fundación formalizou un contrato para a dinamización das Escolas deportivas desta entidade local para o curso 2015/2016 e 2016/2017.

Concello de O Pino

A través dunha colaboración a Fundación dinamizará actividades nesta entidade local durante o ano 2017 de tenis.

As actividades que se desenvolverán serán:

Tipo de actividade	Nome	Horas semanais
CONCELLO DE TEO		
Adultos	Ximnasia de Mantemento	10
	Actividades dirixidas de ritmo	6
	Actividades de relaxación	2
	Tenis	4,5
	Actividade con persoas con necesidades especiais	1
Nenos	Atletismo	1
	Baloncesto	1
	Psicomotricidade	2
	Badminton	1
	Patín	16
	Baile kids	3
	Tenis e minitenis	5
CONCELLO DE O PINO		
Adultos	Tenis	3

Anpas

A Fundación chegou a un acordo de colaboración coa Federación de Anpas de Santiago de Compostela para promocionar entre as anpas a colaboración da entidade na prestación de diferentes actividades extraescolares deportivas para o curso 2016/2017.

As entidades que para o primeiro semestre do ano 2017 se acolleron a esta iniciativa son:

- Ceip de Roxos: Predeporte e baloncesto.

Fundacións

A Fundación desenvolverá por oitava edición consecutiva en colaboración coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia roteiros de sendeirismo durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2017 que irán desde a cidade de Compostela ao monte Gaiás.

Datas nas que se desenvolverán: 6, 13, 20 e 27 de xullo, 3, 10, 17, 24 e 31 de agosto, 7 e 14 de setembro.

Outras

Asociación de pais de minusválidos de Teo (Aspamite): mediante un acordo de colaboración a Fundación imparte cada quince días unha sesión de actividade física no centro desta asociación.

Unidade do desorde alimenticio (hospital de Conxo): mediante un protocolo de colaboración a Fundación semanalmente imparte unha hora de actividade física nesta unidade a través dun programa de actividade física saudable. No ano 2017 está previsto valorar a posibilidade de aumentar nalgunha hora máis semanalmente.

Centro Superior de Hostelería de Galicia: mediante un acordo de colaboración a Entidade dinamizará as actividades deportivas do Centro dirixidas a todos os alumnos e alumnas do mesmo desde xaneiro ata maio, e desde outubro ata decembro.

B) Recursos humanos empregados na actividade

TIPO	NÚMERO	Nº HORAS / AÑO
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	2,38	4.076,00
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

TIPO	NÚMERO
	Previsto
Persoas físicas	700
Persoas xurídicas	7
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	1

D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade

OBXECTIVO	INDICADOR	CUANTIFICACIÓN
Mellorar a calidade do servizo	Realización de actividades ou eventos no CSHG	3
Aumentar o número de participantes adultos e infantil nos servizos aos concellos	Aumento da porcentaxe de participación con respecto ao 2016	10% en cada segmento de poboación.
Reducir o abandono da práctica durante o curso escolar	Reducir o abandono con respecto ao ano anterior	5%
Aumentar o programa de actividade física e saúde no hospital de conxo	Aumento do número de horas semanais	1 hora
Aumentar o número de participantes nas rutas de camiño ao gaiás	Superar as participacións do ano 2016	220

**PROGRAMA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR-LABORAL DE
ACTIVIDADE FÍSICO-DEPORTIVA**

A) Identificación

Denominación da actividade	PROGRAMA FÍSICO DEPORTIVO VERÁN CAMPUSC 2017
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G03: DEPORTIVO E INFANCIA
Lugar de desenvolvemento da actividade	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición detallada da actividade prevista

Este programa que se realizará por noveno ano consecutivo ten como obxectivos principais facilitar a conciliación familiar e laboral das familias na época estival e que non hai colexio.

Neste proxecto se lles amosan aos participantes as bases dunha importante cantidade de xogos e deportes, atendendo as súas idades e desenvolvemento psíquico-físico. A práctica de actividades físico-deportivas non son boas só a nivel de saúde senón tamén para inculcar dun xeito lúdico os valores de disciplina, esforzo, adicación e respecto ás normas que sen dúbida resultarán de utilidade para a vida cotiá.

B) Recursos humanos empregados na actividade

TIPO	NÚMERO	Nº HORAS / ANO
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	0,84	1.437,00
Persoal con contrato de servizos	0,76	1.296,00
Persoal voluntario	0,01	15

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

TIPO	NÚMERO
	Previsto
Persoas físicas	380
Persoas xurídicas	0
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade

OBXECTIVO	INDICADOR	CUANTIFICACIÓN
Mellorar a calidade no servizo	Número de monitores especialistas en nenos con necesidades especiais	1/5
Estabilizar a actividade no tempo	Número de participantes finais diferentes	200
Incrementar o apoio económico	Recursos económicos obtidos polas entidades colaboradoras	5.500,00 euros
Aumentar o número de participantes externos á comunidade universitaria	Número de participantes externos	Igual ou maior ao 35%
Mellorar a oferta de actividades	Número de actividades diferentes ás realizadas no ano anterior	2

PROGRAMA DE CURSOS DE FORMACIÓN, EVENTOS E PROXECTOS

A) Identificación

Denominación da actividade	CURSOS E OBRADOIROS DE FORMACIÓN, EVENTOS E PROXECTOS
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G01: DEPORTIVOS E POBOACIÓN EN XERAL E01: CULTURAIIS E POBOACIÓN EN XERAL
Lugar de desenvolvemento da actividade	- Santiago de Compostela - Lugo

Descrición detallada da actividade prevista

Dentro desta actividade a entidade divide as accións en tres bloques. Por un lado, as accións formativas, por outro os eventos puntuais que organizará ao longo do ano e por último outros proxectos.

A Fundación ten realizada unha planificación para o ano 2017 relativa a diferentes opcións formativas dentro dun programa que abrangue o curso escolar 2016/2017 e 2017/2018.

Este programa formativo contén tanto formación do entorno deportivo coma cultural tal e como din as actividades fundacionais que permiten os Estatutos da entidade.

Cursos de formación previstos:

- Curso monográfico de tai chi e chi kung (**22 de abril en Lugo e 11 de novembro en Santiago**).
- Obradoiro de técnicas de relaxación e meditación como ferramentas da saúde (**do 17 de xaneiro ao 23 de febreiro en Santiago**).
- Curso de Mindfulness (**18 de marzo en Santiago**)

- Iniciación ao running e técnica de carreira (**do 24 de abril ao 11 de maio e do 2 ao 24 de outubro, dúas edicións en Santiago**).
- Curso de manexo de GPS (**30 de setembro en Santiago**)
- Curso teórico-práctico de defensa persoal (**3 de xuño en Lugo e 25 de novembro e 2 de decembro en Santiago**).
- Xornadas de iniciación ao sendeirismo e a baixa montaña (**do 18 de abril ao 14 de maio en Santiago**).
- Curso de fotografía na natureza (**17 de xuño**).

Cursos de formación interna do persoal:

- Ao igual que no ano 2016 a entidade ten previsto a realización de xornadas de formación e reciclaxe interna para traballadores. Pendente de buscar a área á que se dirixirá no 2017 esta formación, que se levará a cabo no segundo semestre do ano.

Eventos

- Organización por segundo ano consecutivo dunha Masterclass de Zumba con carácter solidario a favor duna entidade do terceiro sector. A data prevista de realización será o 11 de marzo de 2017.

B) Recursos humanos empregados na actividade

TIPO	NÚMERO	Nº HORAS / ANO
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	0,38	643,00
Persoal con contrato de servizos	0,05	83,00
Persoal voluntario	0	0

C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

TIPO	NÚMERO
	Previsto
Persoas físicas	110
Persoas xurídicas	1
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	0

D) Obxectivos e indicadores da realización da actividade

OBXECTIVO	INDICADOR	CUANTIFICACIÓN
Consolidar as accións formativas como un valor engadido da entidade	Número de participantes	100
Reforzar a oferta no campus de lugo	Número de cursos ofertados	2
Mellorar a calidade da oferta formativa	Puntuación final dos alumnos nos cuestionarios de avaliación	Igual ou maior a 8
Aumentar a oferta formativa interna	Número de traballadores participantes	Igual ou maior ao 20% do plantel

6. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS / INVESTIMENTOS	Programacion, dinamización, organización das escolas deportivas da USC	Dinamización escolas deportivas e actvd. Extraescolares de entidades públicas e privadas	Programas de conciliación laboral e familiar de actvd. Físico-deportiva	Programa de cursos de formación, eventos e proxectos	Total actividades	Non imputados ás actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
a) Axudas monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
b) Axudas non monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Aprovisionamentos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos de persoal	372.602,60	51.760,32	16.910,79	4.722,00	445.995,71	0,00	445.995,71
Outros gastos de explotación	48.342,20	5.583,00	26.092,20	4.031,60	84.049,00	4.800,00	88.849,00
Amortización do inmovilizado	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.255,29	1.255,29
Deterioración e resultado por alleamento do inmovilizado	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Diferenzas de cambio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Impostos sobre beneficios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal de gastos	420.944,80	57.343,32	43.002,99	8.753,60	530.044,71	6.055,29	536.100,00
Adquisicións de inmovilizado (agás Bens Patrimonio Histórico)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Adquisicións Bens Patrimonio Histórico	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cancelación débeda non comercial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal investimentos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	420.944,80	57.343,32	43.002,99	8.753,60	530.044,71	6.055,29	536.100,00

7. - PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

7.1.) Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	0,00
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	105.910,00
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	0,00
Subvencións do sector público	430.190,00
Achegas privadas	0,00
Outros tipos de ingresos	0,00
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	536.100,00

7.2) Prevision doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	0,00
Outras obrigas financeiras asumidas	0,00
TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS	0,00

8. MEMORIA EXPLICATIVA DO CUMPRIMENTO DO OBXECTO FUNDACIONAL MEDIANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN DE DE ACTUACIÓN.

O plan de actuación da Fundación para o ano 2017 pretenderá consolidar a actividade que se presenta no mesmo e a búsqueda de novas áreas de traballo. Entre as prioridades da entidade están:

- 8.1. Búsqueda da formación permanente do persoal establecendo plans de formación interna e transversais (un curso cada ano).
- 8.2. Incrementar a calidade no servizo prestado.
- 8.3. Seguir medrando no número de actividades e programas a desenvolver pola Fundación durante o ano 2017, dirixidas en especial á comunidade universitaria galega.
- 8.4. Facer especial énfase na comunidade universitaria de Lugo no ano 2017.
- 8.5. Fomentar o terceiro sector colaborando con diferentes asociacións de distintos ámbitos, desde o deportivo ata o cultural ou social.
- 8.6. Potenciar e buscar sinerxias no entorno da actividade física e a saúde cos servizos sanitarios galegos e co tecido empresarial.
- 8.7. Consolidar o plan estratéxico de captación de recursos económicos para poder reinvestir nos fins fundacionais
- 8.8. Potenciar a área de formación da Fundación desenvolvendo cursos formativos abertos a toda a sociedade. Accións formativas de diferentes temáticas e eminentemente deportivos.
- 8.9. Aumentar os sistemas de control de participación nas actividades que redundará nunha mellor prestación do servizo e tamén na calidade do mesmo.
- 8.10. Acadar maior visibilización da entidade a nivel social.
- 8.11. Estudar as posibilidades que ofrecen os programas e proxectos europeos.

Para levar adiante o plan de actuación descrito, atendendo ás prioridades citadas, a Fundación organízase do seguinte xeito:

a) Padroado

Ao Padroado correspóndelle cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación.

Debe aprobar o plan de actuación e os orzamentos (último trimestre do ano). Así coma aprobar as contas e a memoria do exercicio (primeiro semestre do ano).

b) Presidente e Vicepresidente

Realizarán un seguimento periódico da planificación da Fundación.

c) Xerencia

O Xerente realizará a xestión das actividades fundacionais e executará aqueles acordos do Padroado.

Será o encargado de render contas do traballo desempeñado pola entidade á Presidencia e ao Padroado.

Desenvolverá xunto co persoal técnico das diferentes áreas a programación e planificación da actividade da Fundación.

Deberá asumir aquelas funcións externas e relacións institucionais que lle son delegadas.

É a área encargada de potenciar a captación de recursos e a comunicación da Fundación.

Ademais é o interlocutor entre a Fundación e as entidades colaboradoras.

A nivel operativo, para o desenvolvemento do plan de actuación por parte do persoal da Fundación USC Deportiva establécense as seguintes áreas de traballo, atendendo a criterios de relevancia e peso dos contidos de cada área en relación ao montante do orzamento e á carga de traballo. Así mesmo, é necesario establecer sempre un área de

xestión interna que rexe todos os procedementos transversais ás áreas de desenvolvemento técnico.

De cara ao 2017 as áreas de traballo serán as seguintes:

- **Área de planificación, control e execución.**

Responsabilízase da organización, planificación, programación e execución dos programas e actividades promovidos pola Fundación.

As funcións desta área son as seguintes:

- Dinamiza as actividades que lle son encargadas á Fundación de cada un dos programas que se contemplan no plan de actuación.
- Xestiona as escolas de competición da USC (tenis, natación, montañismo, Taekwondo, Karate e atletismo).
- Organiza, planifica e dinamiza outras actividades que organiza a Fundación (Verán CampUSC, concurso de postais, etc.)
- Propón diferentes proxectos á Xerencia para que sexan valorados para desenvolver.
- Realizan grupos de traballo por seccións deportivas para a coordinación interna e os protocolos de actuación.
- Desenvolven as planificacións e programacións de cada deporte ou modalidade deportiva.

Equipo de traballo para o ano 2017

- 1 director deportivo.
- 1 coordinador xeral deportivo.
- 33 técnicos dos cales 11 farán funcións tamén de coordinadores deportivos para as distintas seccións e actividades deportivas.

- **Área de comunicación e marketing**

Esta área é a encargada de realizar tódalas comunicacións da actividade xerada pola Fundación aos medios de comunicación.

Responsabilízase da páxina web e desenvolverá funcións de Community Manager da Fundación USC Deportiva. Así mesmo, realizará os informes de control precisos.

Encargada de dar presenza ós colaboradores da Fundación USC Deportiva nos diferentes soportes que posúe a entidade.

Así como tamén será a encargada de desenvolver diferentes accións da Fundación como: concursos, accións solidarias, etc.

Equipo de traballo para o ano 2017:

- 1 responsable con experiencia nas novas tecnoloxías aínda que estas tarefas son compartidas entre o equipo de xestión da Entidade.

- **Área de formación**

A finais do ano 2013 a Fundación USC Deportivo creou a área de formación posto que é un dos obxectivos que se considera para o seu plan de actuación.

O obxectivo é ir realizando diferentes cursos formativos durante o exercicio 2017 previamente establecidos neste plan e ampliando anualmente a oferta tanto en cantidade como en calidade.

Equipo de traballo para o ano 2017:

- 1 coordinador para programación de cursos.

- **Área de xestión interna**

Encargada de todos os procesos de facturación, cobros e pagos, tesourería, informes orzamentarios, compras, servizos, e comunicacións laborais.

Aglutina as labores de xerencia, secretaría e administración da entidade.

Esta área estará apoiada por unha xestoría externa que desenvolverá tarefas contables, fiscais e laborais sempre supervisadas polo equipo de xestión.

O equipo de traballo para o ano 2017:

- 1 auxiliar administrativa.
- 1 xerente.